

II OBRADOIRO DE CONFECCIÓN DE TRAXES 1900

FEIRA HISTÓRICA – ARTEIXO 1900

Arteixo Centro Comercial Aberto colabora co **Concello de Arteixo** na organización e execución de algunhas das actividades da **Feira Histórica Arteixo 1900**, dentro das cales, damos continuidade ao Obradoiro de Traxes 1900 que empeza 1 mes antes da feira.

O **CCA**, en colaboración co establecemento asociado “**Mi Costurera Profesional**”, especializado en arranxos, confección e formación, ofrece un obradoiro gratuito no que 10 participantes, guiados por unha monitora especializada, poderán escoller o modelo do seu traxe entre varias propostas, adaptar o patrón e tallaxe, facer o corte, e confeccionar o seu propio traxe 1900, ao tempo que adquiren coñecementos sobre todo o proceso de confección e sobre as características da roupa da época de primeira metade do século XX.



CALENDARIO:


O obradoiro constará de 4 sesións de 4 horas cada unha,

os sábados anteriores á Feira Histórica:

Sábados 19 e 26 de Setembro,

Sábados 3 e 10 de Outubro,

10:00 a 14:00 horas





LUGAR de impartición

Sábado 19 Setembro:

Centro Tecnolóxico

(Avda. Arsenio Iglesias)

Sábados 26/09, e 3 e 10/10:

“Mi costurera Profesional”

(Rúa Ría de Noia, Nº 9, Baixo)

MOSTRA Fin de Obradoiro

Xa durante a Feira Histórica, o **Sábado 17 de Outubro, de 19:30 a 20:30 horas**, os participantes e a monitora reuniránse na Praza do Balneario, para levar a cabo unha breve **Mostra dos Traxes 1900** realizados durante o obradoiro.

MATERIAL

O material de patronaxe, máquinas de coser e resto de material de tipo profesional que se precise, será aportado pola organización.

Os participantes deberán aportar:

As telas para o traxe que escollan e un

pequeno costureiro persoal con material básico (agullas, dedal, tesoiira....).

Unha vez cada participante escolla o seu modelo, a monitora indicarlle o tipo e cantidade de tecidos que precisa, de xeito que o/a participante poida proveerse deles para iniciar a confección do seu traxe na seguinte sesión. Así mesmo se lles dará indicacións sobre o pequeno costureiro persoal que precisarán para realizar os traballos.

LUGAR DE INSCRIPCIÓN

Nº DE PRAZAS: 10

ADXUDICACIÓN: Por orde de Inscripción.

Prioridade para quen non participou en edicións anteriores.

Días 5 e 6 de Setembro: Stand do CCA na Feira de Oportunidades

(Carpa na Explanada das Festas de Arteixo)

Do 7 ao 11 de Setembro: Oficina do CCA, de 9:30 a 14:30 h.

(Rúa Mestre Mateo, nº 10, Baixo)

Mi Costurera Profesional, de 11 a 13, e 18 a 20 h.

(Rúa Ría de Noia, Nº 9, Baixo):

DOCUMENTACIÓN PARA INSCRIPCIÓN: Fotocopia do DNI e Fotografía tamaño carné.